


18F *ELECCIÓN* *GALEGAS* 2024

autismo**G**ALICIA



DEMANDAS DO COLECTIVO DO AUTISMO | 2024

FACENDO HISTORIA: POR UNHA GALICIA PIONEIRA *EN COMPROMISO CO AUTISMO.*

autismoGALICIA

Actualmente según a prevalencia en Europa **estímase que poden haber unhas 27.000. PERSOAS con TEA en Galicia.**

Investigacións máis recentes (Centro para o Control e a Prevención de Enfermidades de Atlanta [\(CDC 2023\)](#) **apuntan a que 1 de cada 36 nenos de 8 anos poderían presentar autismo.**

REPRESENTAMOS, APOIAMOS E DEFENDEMOS OS DEREITOS DE MÁIS DE 10.000 PERSOAS, FAMILIAS E PERSOAS CON TEA.

A Federación Autismo Galicia conta cunha rede de **16 ENTIDADES, repartidas por todo o territorio galego**, ofrecendo servizos especializados a persoas con autismo e ás súas familias, baixo o compromiso de avanzar na cohesión do colectivo na comunidade.

Conformando a **plataforma galega de necesario amparo para a defensa dos dereitos e necesidades das persoas con TEA en Galicia.**

Estamos aquí para seguir **construíndo espazos nos que sumar accións**, con todo o armazón social, as diferentes redes asociativas, representantes da administración e do ámbito empresarial, puntais fundamentais para a nosa continuidade. Do mesmo xeito que os profesionais das nosas entidades, da propia entidade da Federación, familiares, e as propias persoas con TEA, que coa súa voz e maneira de comunicarse, van trazando cada día o roteiro a seguir.

A FEDERACIÓN AUTISMO
GALICIA PRESENTA AS
DEMANDAS DO COLECTIVO
DO AUTISMO
para as próximas
Eleccións Galegas

18F ELECCIÓN
GALEGAS
2024






DIAGNÓSTICO AUTISMO

DETECCIÓN PRECOZ

Implementar **sistemas de cribado** e detección precoz, así como de **derivación** das persoas con TEA desde os diferentes contextos (educativo, sanitario e social) a **servizos especializados de diagnóstico**, realizado por un equipo interdisciplinar, gratuito e no menor tempo posible, **en todas as etapas da vida**.

autismoGALICIA





PRAZAS ESPECIALIZADAS

**ATENCIÓN DIÚRNA, RESIDENCIAL E
VIVENDA ALTERNATIVA AO FOGAR
FAMILIAR**

Impulsar a oferta de **prazas** especializadas de atención diúrna, residencial e vivenda alternativa ao fogar familiar **para as persoas adultas con TEA**, facilitando a libre elección no acceso ás mesmas.

autismo**GALICIA**





A SAÚDE DAS PERSOAS CON TEA

ASEGURAR A ATENCIÓN INTEGRAL E ESPECÍFICA

Asegurar a **atención integral e específica da saúde das persoas con TEA** (incluíndo a saúde mental), a través da creación unidades, **protocolos e programas especializados** de atención que teñan en conta as súas necesidades específicas neste ámbito.

autismo**GALICIA**

5

ATENCIÓN TEMPERÁ

GARANTIR O ACCESO A UNHA
ATENCIÓN TEMPERÁ DE TODO NENO
OU NENA CON AUTISMO

Garantir o acceso a unha atención temperá de todo neno ou nena con TEA, risco ou sospeita de presentalo, desde o nacemento ata os seis anos de idade, así como os apoios para o desenvolvemento infantil ata os 12 anos, a través dunha **atención interdisciplinar**, específica e baseada na evidencia.

4

PLAN DE ACCIÓN AUTONÓMICO

EN BASE Á ESTRATEXIA ESPAÑOLA DE
TRASTORNO DO ESPECTRO DO
AUTISMO

Aprobar un **Plan de Acción Autonomico** en base á **Estratexia Española de Trastorno do Espectro do Autismo**, cos recursos necesarios para o desenvolvemento das actuacións e o orzamento asociado ás mesmas.

7

EMPREGO

MEDIDAS QUE FAVOREZAN O ACCESO DA PERSOA CON TEA AO EMPREGO

Poñer en marcha medidas que favorezan o acceso da persoa con TEA ao emprego, fomentando a **modalidade de emprego con apoio** e promovendo a modificación da normativa correspondente tanto a nivel estatal como a nivel autonómico, e garantindo a sustentabilidade e os recursos necesarios para a implementación de **programas especializados de emprego con apoio**.

6

ATENCIÓN ESPECIALIZADA

GARANTIR UNHA REDE VARIADA, SUFICIENTE E ESPECIALIZADA DE SERVIZOS, RECURSOS, APOIOS E CENTROS EDUCATIVOS EN TODOS OS TERRITORIOS

Garantir **unha rede variada, suficiente e especializada de servizos, recursos, apoios e centros educativos** en todos os territorios, que dispoñan dos medios necesarios para facilitar **unha educación de calidade**, individualizada e centrada na diversidade e necesidades de cada persoa con TEA, mantendo, flexibilizando e **innovando nas modalidades de escolarización** de maneira que maximicen o **éxito educativo**, o desenvolvemento persoal e a **inclusión social**.

ENVELLECIMENTO

IMPLEMENTAR APOIOS ADECUADOS E ESPECÍFICOS PARA AS PERSOAS CON TEA

Implementar **apoios adecuados e específicos** para as **persoas con TEA en proceso de envellecemento** e medidas que favorezan a permanencia e arraigamento da persoa con TEA na súa contorna habitual despois dos 65 anos, priorizando as súas preferencias e necesidades

O AUTISMO É UN ESPECTRO

ESPECIFICIDADES DAS PERSOAS CON TEA

Ter en conta as **especificidades das persoas con TEA** á hora de aplicar a variable de discapacidade en calquera **normativa aprobada, conforme aos criterios diagnósticos vixentes** (DSM 5 e CIE 11).

PROTOCOLOS ESPECÍFICOS DE APOIO E INTERVENCIÓN PARA PERSOAS CON TEA

Posta en marcha de **protocolos específicos** de apoio e intervención para persoas con TEA, que contemplan a coordinación dos **equipos multidisciplinares** (educación, sanidade, servizos sociais.).

ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

Promover a accesibilidade universal da información, contextos, bens e servizos, considerando especialmente **medidas e recursos de accesibilidade cognitiva**, tales como deseño e sinalización de contornas (wayfinding, sistemas pictográficos, etc.), lectura fácil, apoios visuais, e sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.

APOIOS E AXUDAS ESPECIALIZADOS PARA FAMILIAS

Facilitar apoios e **axudas especializadas ás familias** das persoas con TEA, de maneira que gocen dunha calidade de vida satisfactoria a través do desenvolvemento de **programas integrais e especializados de apoio**.

SUSTENTABILIDADE DOS SERVIZOS

Promover a **sustentabilidade dos servizos para garantir a continuidade na atención**, asegurando tamén a concertación de servizos, a aplicación da cláusula social, a priorización da calidade e a especificidade para os procesos de adxudicación e o financiamento acorde necesario.

FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS

Impulsar a **formación dos profesionais** vinculados a sectores clave para as persoas con TEA e as súas familias, tales como a **educación, sanidade, servizos sociais, xustiza, emprego, ou seguridade**

18F ELECCIÓNS
GALEGAS
2024

**POR UN AUTÉNTICO
COMPROMISO:
GALICIA Á
VANGARDA POLO
AUTISMO**